



*Paraíso
entre
Ríos*

O teu Concello *infórmate*

É unha vella reivindicación dos alcaldes o acadar que os ingresos dos Concellos que presidimos non procedan de Subvencións, senón que sexan de carácter xeral e libre disposición para que o goberno local os destine ás necesidades reais dos veciños.

Si ademais estas subvencións son de carácter FINALISTA, é dicir, que soamente se poden gastar no que a Administración que as concede mande, os concellos estamos absolutamente condicionados no seu gasto.

Esto fai que os veciños non comprendan como se fai unha excursión, sendo máis importante amañar un bache diante das súas casas; e a explicación é que o que dan para unha cousa, non deixan gastalo noutra distinta.



Esta pequena explicación a modo de exemplo, ven ó fío pola preocupación que me trasladades algúns de vós cando vedes que se fai algunha actividade que entendedes que non sería moi necesaria, pero que si non a disfrutan os veciños do noso Concello o farían os veciños de outro, o cal sería inxusto para nós, porque ademais tódalas actividades que se fan en Paderne están abertas para disfrute de todos.

Aproveito tamén esta oportunidade para aclarar a dúbida que tivestes con motivo do transporte á cidade de A Coruña no programa de Prevención de Cancro de Mama. En este transporte non houbo ningunha aportación por parte de ningún Concello, porque si así fora, o de Paderne tamén o faría.

O servizo de transporte estableceuno o SERGAS e deixou fóra a tódolos Concellos que estaban nun radio de menos de 25 Km, de A Coruña segundo a explicación que deron desde a Consellería de Sanidade.

Espero que estas aclaracións sirvan para ter unha visión máis clara de porqué e cómo tratamos de facer as cousas desde o Goberno do Concello e que non teñades ningunha dúbida que, desde os erros que como Alcalde poida cometer, o meu obxectivo e do Equipo que teño a honra de presidir, é o de estar sempre ó servizo de todos.

Xornada de cata de viños: «Branco lexítimo»

A finais do pasado mes de xullo na Casa do Concello tivo lugar unha cata comentada de viños; adegueiros, persoas vinculadas o mundo da viticultura e xente do Concello interesada no tema, encheron o salón de plenos apoiando así a aposta que está a realizar o Alcalde por promocionar e impulsar os bos produtos que os empresarios de Paderne están a defender no mercado orgullosos da súa calidade.

A variedade da casta Branco Lexítimo que participaba nesta cata como viño elaborado en Paderne é, para os expertos, unha uva de gran calidade e altísimo nivel. Exclusiva de Galicia e Asturias, cultívase ó amparo da denominación de orixe «Viños da Terra de Betanzos».



O Salón de Sesións completouse coas persoas interesadas en coñecer esta variedade cultivada en Paderne

Día da familia

O «Día da Familia», creado polo Alcalde en Paderne no ano 2005, ven xuntando ano tras ano a moitas das familias do Concello para pasar o día en torno a unha gran mesa e das moitas actividades que nesta xornada se van desenvolvendo.

Neta ocasión realizouse o sábado 31 de agosto; ás 13:00 horas moitas das familias empezaron a chegar ó campo de O Telleiro ocupando o lugar que tiñan reservado para disfrutar da comida. Todos puideron pasar pola zona central da carpa a participar da degustación de caza e viño previa á comida, momento no que o Alcalde dixo unhas palabras ós alí presentes.

Despois de comer, os xogos de mesa e as actividades no exterior, distribuíron a atención de grandes e pequenos ata que, a últimas horas da tarde, a música empezou a soar en todo o recinto.

Xa de noite, e nun descanso da música, os nenos recibiron de mans do Alcalde unha medalla de recordo ó remate do cal se procedeu á xa tradicional sesión de fogos artificiais e á degustación de queimada rematando así outra nova edición do «Día da Familia».



O Alcalde saudando ás familias que acudiron este Día

Axudas para a Promoción da Igualdade

A fin de poder levar adiante o proxecto «Avaliación dos resultados do Plan de Igualdade entre Homes e Mulleres», o Concello de Paderne, ven de solicitar unha subvención á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para a contratación dunha persoa para a promoción da igualdade.

O seu traballo centraríase na avaliación do II Plan de Igualdade de Oportunidades (2009 – 2012) e a repercusión entre a poboación do Concello de Paderne.

Orzamento Municipal 2013

Recóllense, con carácter xeral, uns orzamentos moi semellantes aos do ano anterior coa seguinte novidade.

Prevese a total amortización do Préstamo derivado do RDL 4/2012 de pago a provedores, con incidencia no orzamento do seguinte xeito: Incremento amortización ICO EN 75.723,67 €. Extraorzamentariamente debe engadirse o uso do remanente de Tesorería de 81.840,87 constituíndo así unha amortización total do préstamo de 157.564,54 €; todo isto sen deixar de atender as necesidades básicas dos veciños: alumeadado, obras, mantemento de servizos, limpeza viaria, recollida do lixo, así como as actividades culturais, deportivas, promoción económica e servizos sociais.

INGRESOS: 1.289.626,44 euros

- Capítulo 1.- Impostos directos: 270.447,53 euros
(Proceden do Imposto sobre bens inmobles de natureza Rústica e Urbana, Imposto sobre actividades económicas e Imposto de Vehículos)
- Capítulo 2.- Impostos indirectos: 21.721,76 euros
- Capítulo 3.- Taxas e outros ingresos: 103.597,93 euros
(Proceden da Expedición de documentos, Licencias de apertura de establecementos, Recollida de Lixo, Alcantarillado, Auga, Fenosa e Telefónica)
- Capítulo 4.- Transferencias correntes: 834.700,00 euros
(Participación nos Tributos do Estado, compensación pola perda do IAE, subvencións de carácter repetitivo da Xunta e Deputación)
- Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais: 100 euros
(Intereses das contas bancarias)
- Capítulo 6.- Enajenación de inversións: 100,00 €
- Capítulo 7.- Transferencias de capital: 55.954,16 euros
(Subvencións de Xunta e Deputación destinadas a investimentos)
- Capítulo 8.- Activos financeiros: 3.005,06 euros
(Reintegros de persoal dos préstamos concedidos)
- Capítulo 9.- Pasivos financeiros: 0 euros
(Préstamos)

GASTOS: 1.289.626,44 euros

- Capítulo 1.- Gastos de persoal: 397.236,10 euros
(Comprenden as retribucións a tódolos traballadores do Concello, incluídos os subvencionados polos distintos Organismos Públicos)
- Capítulo 2.- Gastos en bens correntes e servizos: 702.731,12 euros
(Son os considerados necesarios para o mantemento dos servizos: luz, teléfono, combustibles, limpeza, calefacción, alumeadado público, recollida do lixo, seguros, gastos de oficina, correos...)
- Capítulo 3.- Gastos financeiros: 8.000,00 euros
(Pago de intereses a bancos)
- Capítulo 4.- Transferencias correntes: 5.200,00 euros
- Capítulo 6.- Investimentos reais: 72.354,16 euros
(Investimentos en obras, infraestructuras, alumeadado público)
- Capítulo 7.- Transferencias de capital: 100,00 euros
- Capítulo 8.- Activos financeiros: 3.005,06 euros
(Préstamos ó persoal)
- Capítulo 9.- Pasivos financeiros: 101.000,00 euros
(Pagos de operacións de crédito vixentes)



*O Alcalde e o Concelleiro de facenda
revisando o orzamento para este exercicio*

Actividades de adultos curso 2013-2014

PADERNE				
LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Cestería 16:00-18:00	Ximnasia de mantemento 19:15-20:00	Informática perfeccionamento 20:00-21:00	Taller de memoria 17:00-18:30 Ximnasia de mantemento 19:15-20:00	Manualidades 17:00-19:00 Pilates 20:15-21:15 Informática Inic. 19:30-20:30/20:30-21:30

AREAS		SOUTO		
XOVES	LUNS	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Pintura e manualidades 18:30-20:30/20:30-22:30	Ximnasia de mantemento 20:15-21:00	Ximnasia de mantemento 20:15-21:00	Cestería 19:30-21:30	Manualidades 19:30-21:30

VIGO		VELOUZÁS	
XOVES	VENRES	MARTES	XOVES
Pintura e manualidades 16:00-18:00	Cestería 16:00-18:00	Ximnasia de mantemento 18:15-19:00	Ximnasia de mantemento 18:15-19:00

QUINTAS			VILAMOUREL			
LUNS	MARTES	MÉRCORES	LUNS	MARTES	XOVES	VENRES
Ximnasia de mant. 21:15-22:00	Bailes de Salón 20:50-22:20	Ximnasia de mant. 21:15-22:00	Aeróbic 21:30-22:30	Ximnasia de mant. 20:15-21:00 Bailes de Salón 22:30-24:00	Ximnasia de mant. 20:15-21:00 Aeróbic 21:30-22:30	Cestería 18:30-20:30

VIÑAS				
LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Pintura / 17:00-19:00 Ximnasia de mant./ 19:15-20:00	Memoria 17:00-18:30	Ximnasia de mant. 19:15-20:00	Cestería 17:00-19:00	Pilates 19:00-20:00

O Alcalde realizará a presentación destas actividades cun acto que terá lugar no Salón de Sesións da Casa do Concello o día 14 de outubro ás 20:30 horas.

Actividades extraescolares curso 2013-2014

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Fútbol Sala 17:00-19:00	Psicomotricidade 17:00-18:00	Fútbol Sala 17:00-19:00	Bádminton 17:00-18:00	Informática 17:30-18:30 18:30-19:30
Inglés Primaria 16:30-17:30 e de 17:30-18:30	Inglés Infantil 16:00 a 17:00 e de 17:00 a 18:00	Inglés Primaria 17:00 a 18:00	Inglés ESO 18:30-19:30	

Estas actividades comezan na semana do 14 de outubro. Para poder participar hai que inscribirse previamente asinando a correspondente autorización.

Plan de Emprego Provincial

O Concello de Paderne ven de solicitar a súa participación no Plan de Emprego 2013 de A Deputación de A Coruña co fin de realizar o proxecto de «**Limpeza e mantemento de áreas recreativas, parcelas municipais, parques infantís e lugares públicos de ocio**» por un importe de **4.356 €**.

Coa inclusión neste Plan, ó Concello de Paderne correspóndenlle un oficial e un peón para a realización das obras de limpeza e acondicionamento necesarias en espazos de titularidade municipal.

Infraestructuras de uso público

O Alcalde de Paderne ven de solicitar á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, unha subvención para a «**Adecuación da Praza de Viñas**» por un importe de **6.767,95 €** de acordo coa Orde publicada pola citada Consellería pola que se anuncian axudas económicas a concellos para a execución de infraestructuras de uso público.

O fin de esta achega é o da instalación e acondicionamento de varios aparatos de ximnasia e rehabilitación dos que poidan facer uso as persoas maiores ou aquelas que por problemas de saúde precisen duns determinados aparatos orientados á realización de exercicios que cubran distintas patoloxías, preto das súas vivendas e de uso completamente público e gratuíto.

Limpeza de praias

O Concello de Paderne participou, un ano máis, na convocatoria do Programa «**Limpeza de Praias**», anualidade 2013, da Deputación de A Coruña mediante o cal puido realizar a contratación de dúas persoas para a limpeza das praias, accesos e o seu entorno facilitando que os veciños poidan facer uso delas nas mellores condicións posibles.

Outro dos fins importantes é o de poder proporcionar ás persoas desempregadas do Concello un posto de traballo aínda que, debido ós recortes da propia convocatoria, cada vez son menos as persoas que poden verse beneficiadas destas contratacións.

Enganches de saneamento

Finalizadas as obras de instalación do saneamento nas aldeas de Insua en Viñas, e San Mamede en Vigo, o Alcalde vai a remitir unha carta ós veciños destes núcleos co fin de informalos dos trámites a seguir para realizar os enganches e así poder facer efectivo un importantísimo servizo para a comunidade.

Obras pendentes

Finalizadas as obras de «Mellora do camiño da Penadagia», que van desde Paderne á Cruz e desde a Cruz polo Plantel ata a Penadagia, estase a traballar agora nas obras incluídas no POS-2012 que comprenden o amaño das seguintes vías e camiños: Camiño da Costa a Velouzás (As Palmeras); Camiño de Velouzás (As Palmeras) a Porto por Moire; Costa a Velouzás polas Poceiras e mellora da pavimentación nas estradas da parroquia de Vilamourel así como o rebacheo xeral dos camiños municipais.

Ó rematar estas vaise a continuar coas obras pendentes nas outras pistas municipais.



O Alcalde e o Concelleiro de Urbanismo supervisando as obras no tramo de Abrodos

Paderne en familia

O domingo, día 12 de outubro da comezo este nova tempada de Paderne en Familia cunha saída a Lugo con motivo das festas do San Froilán. Este último día de festa na cidade remata cunha feira medieval por distintas rúas ademais das xa tradicionais casetas de polvo espalladas pola alameda. Ás 9 da mañá os autobuses comezarán a recoller ás persoas polas distintas parroquias.

O custe é de 25 €; as persoas interesadas teñen ata o mércores día 9 para realizar a súa reserva de praza.
Poden participar os empadroados no Concello de Paderne

Servizo de podoloxía

Neste mes de outubro vaise a poñer de novo en funcionamento o servizo de podoloxía no Centro de Maiores.

Este **servizo gratuíto**, do que se benefician os socios do Centro de Maiores, é posible grazas ó esforzo que o Alcalde realiza na distribución dos recursos dando prioridade ás necesidades dos maiores.

Consciente da importancia e beneficios que estas axudas representan, tanto para a saúde como para a economía das persoas que viven dunha pensión, loita para mantelo en funcionamento buscando a financiación necesaria para o mesmo.

Nova tempada de balneoterapia

Comeza outra tempada de Balneoterapia para as persoas maiores de 65 anos e pensionistas maiores de 60 empadroados no Concello de Paderne. Consistirá, como en pasadas convocatorias, en visitas mensuas ó balneario de Guitiriz co fin de beneficiarse dos tratamentos termais.

Estas saídas terán lugar os terceiros venres de mes. As persoas interesadas deben anotarse cada mes, ata o martes anterior á visita. No caso de que os inscritos superen o número máximo de persoas a participar en cada visita (30), seguirase rigurosamente a orde de data de inscrición. Así mesmo, terán prioridade as persoas que teñan participado na actividade un menor número de veces entre a tempada anterior e a actual.

Comezaremos o 18 de outubro saíndo ás 9:30 e regresando ás 13:30 h.

Charla sobre seguridade cidadá

No Concello de Paderne vai a ter lugar unha charla informativa impartida por especialistas da Garda Civil sobre temas de seguridade pública enmarcada no Programa «**Plan Mayor Seguridad**» da Dirección Xeral de Policía e da Garda Civil.

Orientada ás persoas maiores vaise a centrar, sobre todo, nas medidas que deben adoptar tanto na vía pública como no seu domicilio. Terá lugar o **venres 18 de outubro ás 8 da tarde no Centro de Maiores de Paderne** e poden asistir a ela tódolos socios apuntándose previamente nas oficinas municipais.

Educando en valores: Os pequeniños das escolas coñecen o medio natural

O vindeiro mes de outubro, o Concello de Paderne organiza unha xornada orientada a que os pequeniños das escolas de Educación Infantil participen do coñecemento e da riqueza que o noso medio natural nos proporciona desenvolvendo unha actividade de anillamento científico de aves no observatorio de Souto con persoal especializado do grupo Naturalista Hábitat.

Xornada contra a Violencia de Xénero

O día **25 de novembro**, Día Internacional da Loita Contra a Violencia de Xénero, o Concello de Paderne realiza, un ano máis, unha xornada reivindicativa no Salón de Sesións da Casa do Concello ás **20:00 horas**; a ela están invitadas todas as persoas sensibilizadas con este problema e que queiran manifestar o seu apoio con aquelas que o sofren.